

## Expectativas hoteleiras. 1º trimestre 2006

### COMUNICADO

---

## Os responsables dos hoteis e hostais galegos esperan que durante o 1º trimestre de 2006 o grao de ocupación sexa igual ou inferior ao do trimestre que remata

### Espérase que o grao de ocupación do 1º trimestre de 2006 sexa igual ou inferior que o do 4º trimestre de 2005

O 48,3% dos responsables de hoteis e hostais galegos opinan que durante os meses do primeiro trimestre do ano 2006 a ocupación se manterá nuns niveis similares aos acadados no trimestre que remata, o derradeiro do ano 2005. Non obstante, cun valor do 47,3%, é moi similar a porcentaxe dos que non esperan chegar a ditos niveis de ocupación senón que se quedarán por debaixo.

Polo contrario, só un 4,4% dos responsables dos establecementos teñen unha expectativa favorable, isto é, a opinión de que se vai producir un aumento no nivel actual da ocupación para o trimestre que comeza.

---

### Tendencia no grao de ocupación 1º trimestre 2006

	Aumento	Estabilidade	Descenso
%	4,4	48,3	47,3

Fonte: IGE. Expectativas hoteleiras

Os valores previstos están dentro do intervalo 30-40%, aínda que cunha tendencia ascendente a medida que avanza o trimestre. Así, no mes de xaneiro espérase o valor mínimo (31,7%) e no de marzo o máximo (38,2%).

---

### Previsión grao ocupación mensual

Mes	%
xaneiro 2005	31,7
febreiro 2005	33,2
marzo 2005	38,2

Fonte: IGE. Expectativas hoteleiras

### Previsión de estabilidade nos prezos, investimento e emprego

Durante o 1º trimestre de 2006, a evolución prevista en variables que son decididas polos responsables dos establecementos, como son os prezos, o investimento e o emprego, é cara unha estabilidade nos niveis que mantíñan.

No caso dos prezos, no 72,5% dos hoteis e hostais galegos a previsión é de mantelos, fronte ao 16,3% que ten previsto aplicar un descenso e ao 11,3% que espera incrementalos.

En canto ao investimento privado, o 67,6% deles que espera seguir destinando a esta partida unha contía similar á actual. Pola contra, hai un 21,7% que a espera incrementar e un 10,7% diminuíla.

En relación ao emprego, tamén se espera permaneza estable nos niveis actuais para o 79,2% dos establecementos estudados. Teñen previsto un descenso o 17,9% dos establecementos e so un 3,0% deles pensa incrementalos.

---

#### Evolución dos prezos, investimento e emprego (%). 1º trimestre 2006

	Aumento	Estabilidade	Descenso
Prezos das prazas hoteleiras	11,3	72,5	16,3
Investimento privado	21,7	67,6	10,7
Emprego	3,0	79,2	17,9

Fonte: IGE. Expectativas hoteleiras

---

#### Para máis información:

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>  
e-mail: [ige@xunta.es](mailto:ige@xunta.es)